


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

21-22 de outubro do 2023

XXIX ORDINARIO A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Na carta de Paulo, que logo imos ler, é felicitada unha parroquia, á que se lle agradece todo o que está facendo, e todo polo que se está esforzando.

Esta felicitación hoxe está moi lonxe de ser certa nas terras onde camiñou Xesús. Hoxe, alí, en Palestina e Israel a vida non vale nada, como tampouco valería nada a nosa celebración se non a compartimos dende un corazón doído con todas esas vidas aniquiladas.

No evanxeo unha frase que nos sona moito “dade ao Cesar o que é do Cesar e a Deus o que é de Deus”. Unha frase que necesita ser berrada en alto ante o escándalo de tantos que so lles preocupa encherse de cartos, aínda que logo o corazón se quede baleiro.

Os Cotos facémonos cribles nun corazón que se doe co pouco que vale a vida na terra onde Xesús deu vida.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *É momento de ser coherentes e sinceros, por iso imos pedir perdón, porque aínda nos falta bastante para ser parroquia crible, porque aínda se espera moito de nós, aínda hai moita paz que sementar.*

Comprometémonos e pedimos perdón:

Monitor/a

➤ *Comprometédesvos a vivir sendo coherentes nos feitos que fan evanxeo sabendo que a paz non se pode quedar en palabras baleiras?.*

SI, COMPROMETÉMONOS

➤ *Comprometédesvos a vivir colaborando con todos os nosos veciños e veciñas que se esforzan por ser unha parroquia mellor?.*

SI, COMPROMETÉMONOS

➤ *Comprometédesvos a vivir na sinceridade e na transparencia do que se di e se fai, sen actuar con segundas intencións, e sempre sementando paz?.*

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Co noso corazón doído con todo o que pasa nas terras de Xesús pedímoslle ao Señor que nos axude a sementar paz.*

(silenzo)

Deus, Noso Pai,
concédenos a graza de sermos, sempre,
xenerosos contigo e cos demais,
e fai que te sirvamos de todo corazón,
nas palabras e nos feitos da nosa vida cotiá
dando razón á PAZ.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo,
sabendo que el viviu no medio de nós
dándolle a cada vida o valor que ten.

El que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *San Paulo está orgulloso do bo facer da parroquia de Salónica. A fe non se lle quedou en palabras, os seus esforzos falan das gañas de facerse crentes e cribles.*

Tamén nós temos moito polo que sentirnos orgullosos destas parroquias nas que compartimos.

LECTURA DA CARTA DE SAN PAULO AOS TESALONICENSES

Paulo, Silván e mais Timoteo, á Igrexa dos tesalonicenses, en Deus Pai e no Señor Xesús Cristo: deséxanvos graza e paz.

Decote damos grazas a Deus por todos vós, facendo memoria de vós nas nosas oracións. Continuamente nos lembramos diante de Deus, noso Pai, da actividade da vosa fe, do esforzo da vosa caridade e da firmeza da vosa esperanza no noso Señor Xesús Cristo.

Ben sabemos, irmáns, benqueridos de Deus, que El vos escolleu. Porque o noso Evanxeo non quedou en palabras no voso caso senón que se volveu forza exuberante do Espírito Santo.

Palabra do Señor

🎵 **Que ledos hoxe estamos**

SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 267 Mt 22, 15-21 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela os fariseos fóronse reunir para veren o xeito de pillar a Xesús nalgún dito. E mandáronlle algúns dos seus discípulos e dos partidarios de Herodes, que lle preguntaron:

- Mestre, sabemos que es sincero: que ensinas o verdadeiro camiño de Deus e que non andas con miramentos, porque non te deixas levar polos respectos humanos. Dinos, logo, que che parece: está permitido pagarlle o tributo ao Cesar ou non?

Xesús, catando a malicia, contestoulles:

- Por que me queredes comprometer, hipócritas? Mostrádeme a moeda do tributo.

Eles presentáronlle un denario. E el preguntoulles:

- De quen é esta imaxe e de quen fala esta inscrición?

Contestáronlle:

- Do César.

Entón replicoulles:

- Pois logo dádelle ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Unhas palabras a xeito de homilía para pensar en silencio

Estamos agradecidos:

- temos uns veciños cos que rezar xuntos. A pesares das nosas diferenzas somos capaces de xuntarnos para estar xuntos con Deus.
- temos unha parroquia con moitas cousas boas das que sentirmos orgullosos. Non seremos moitos, pero somos capaces de moito.
- temos Os Cotos, unha parroquia que imos facendo entre todos. Unha Igrexa que quere ser viva, transparente e que non quere atarse aos cartos.
- temos moita paz que sementar. As nosas mans, os nosos esforzos teñen que axudar a condenar calquera forma de violencia nas terras nas que Xesús deu vida.



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante

Neste encontro parroquial, comprometémonos a poñer os mellores feitos para coidar e dar froitos de paz nesta terra que o Pai pon nas nosas mans. Crer e facer crible é ao que agora o Señor nos convida, e é o que agora compartimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus Pai e Nai, que nos creou á súa imaxe enchéndonos de amor, e que pon nas nosas mans a parroquia para que a fagamos mellor?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, que fixo evanxeo de aldea en aldea, e que nos convida a ser palabras e feitos que o fan crible no camiño da paz?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo que alenta no corazón para amar construíndo entre todos unha mellor humanidade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, familia dos homes e mulleres que seguindo os pasos de Xesús non podemos calar e dónos a violencia que se vive en Palestina e Israel?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos confiados e xuntos, a Xesús que nos dá exemplo e nos convida a amarnos uns a outros coma irmáns. Dicimos:*

Escóitanos Señor

Monitor/a:

- ✓ Convidados nesta Igrexa, pedimos polas persoas que viven sen paz, sen xustiza, sen liberdade. Oremos
- ✓ Convidados nesta Comunidade, pedimos por nós mesmos, e por todos os veciños e veciñas de Os Cotos, para que medremos na tolerancia e no respecto. Oremos
- ✓ Convidados nesta Parroquia, pedimos que nos axudes a ser crentes e cribles atendendo e dando unha man para sementar paz. Oremos
- ✓ Convidados nesta Humanidade, pedimos que nos axudes a non calar a traxedia na que viven os refuxiados. Oremos
- ✓ Convidados e doídos con toda a violencia que hoxe se vive nas terras de Israel e Palestina, pedimos que nos axudes a soñar paz no medio do sufrimento. Oremos

Celebrante: *Grazas Señor por abrírnos as portas da túa casa, convidarnos ao banquete da túa mesa, e empuxarnos á hora de facer unha paz crible. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Ao Deus que confía en nós para construír camiños de paz e que nos convida ao banquete do Reino, rezámoslle dicindo:*

NOSO PAI ...



**O evanxeo
funciona
con Amor
e PAZ
non con
diñeiro**

SIGNO DA PAZ

Celebrante *Confiemos en Deus, fagamos da vida un convite. Non nos contentemos con facer as cousas por cartos, obriga ou cumprimento. Poñámoslle corazón, e así a paz de Deus estará preto de nós e poderemos compartila con todos, como agora estamos dispostos a facer.*

Fagamos a paz irmáns

COMUÑÓN

Celebrante: *Participamos hoxe da fe convidados por Xesús. El abre as portas a todos os que queren compartir e facer realidade camiños de paz. Poñamos o mellor de nós agradecendo esta comunidade na que nos sentimos irmáns.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a esta mesa do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 *O pouco que Deus nos dá*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, dámosche as grazas porque hoxe, como parroquia, podemos compartir os froitos da nosa fe.

Axúdanos a medrar, esforzándonos día a día, por facer que o evanxeo non se quede só en palabras e asemellándonos a Xesús poidamos participar da súa PAZ.

Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús queremos ser unha comunidade que nos sabemos invitados para vivir o evanxeo.

Con Xesús queremos ter un trato xusto e digno cos demais procurando sempre unhas relacións humanas baseadas na igualdade, e na paz que tanto necesitamos.

Que a celebración que agora rematamos nos dea azos para vivir mellorando esta terra sen deixarnos levar pola avaricia dos cartos.

Avísase das misas (ver follas do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz



“Dade a Deus o que é de Deus”

Fagamos da PAZ o camiño

Palabras e ensinanzas de Xesús no evanxeo de hoxe.